

15 OUTUBRO

**FOLGA
ESTUDANTIL**

**PARÁMOLO
TODO**

**PARA PARAR O
XENOCIDIO**



Manifestacións - 12h.

- A Coruña: Obelisco
- Vigo: Farola Urzáiz
- Ferrol: Edificio Xunta



O 2 de outubro, o movemento estudantil e a mocidade fixemos historia. Aulas baleiras e máis de 200.000 mozos e mozas enchemos as rúas de máis de 40 cidades, mandando unha mensaxe ó mundo: Gaza non está soa, a Flotilla non está soa, somos millóns ó voso carón e non imos parar até derrotar o sionismo xenocida e os seus patrocinadores de EEUU e a UE.

Agora, cando a rebelión contra o masacre do pobo palestino é máis forte ca nunca, Donald Trump e Netanyahu pretenden engadarnos cun “plan de paz” que exculpa os xenocidas dos seus crimes, nega calquera dereito á xustiza e rouballe Gaza ó pobo palestino. Todo isto co recoñecemento e apoio da ONU e todos os gobernos do mundo, empezando por aqueles que “criticaron” o xenocidio, como o de Pedro Sánchez, pero que agora ceden vergoñentemente. É o mesmo que fixeron cando permitiron que as compañeiras e compañeiros da Global Sumud Flotilla fosen secuestrados e tachados de terroristas polo exército sionista.

Desde o día 2, centos de miles estamos a encher as rúas de dignidade e determinación contra este holocausto. Agora temos que dar un paso adiante decisivo.

O vindeiro mércores **15 de outubro**, os sindicatos de traballadores convocan folgas e paros. Ese día, o Sindicato de Estudantes volve convocar **folga xeral de 24 horas** en todos os institutos e universidades. Hai que paralo todo para parar o xenocidio e obrigar ó Goberno a romper todas as relacións con Israel, económicas, educativas, diplomáticas e militares!

O día 15 hai que facer coma en Italia: paralizar toda a actividade económica e educativa. As accións cosméticas e os paros dunhas horas non serven. Por iso, chamamos a todos os sindicatos de traballadores, especialmente ós sindicatos de docentes, ós nosos profesores e profesoras, a convocar tamén folga de 24 horas para golpear con contundencia os xenocidas.

A clase traballadora e a mocidade somos os únicos aliados do pobo palestino, os únicos en que poden confiar. Non lles podemos fallar!

Hai que organizar **comités de solidariedade con Palestina** en todos os institutos e facultades, encher de **pancartas e bandeiras** os espazos todos, baleirar as aulas e **asistir masivamente ás manifestacións** que organizaremos o 15 de outubro ás 12 da mañá en máis de 40 cidades do Estado.

Non imos parar ata conseguir poñer fin a este masacre. É unha loita por Palestina e por toda a Humanidade. Xamais consentiremos que o que fixeron os nazis se repita con total impunidade. O 15-O, todas e todos á folga xeral e ás manifestacións.

Obreiros e estudantes, unidos e adiante!

Paralo todo para parar o xenocidio!

Desde o río até o mar, Palestina vencerá!